

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE SETEMBRO 2025 POLA QUE SE CANCELAN TRES CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA OFERTADOS NO CAMPUS DE OURENSE

Rematado o período de matrícula nos cursos de Extensión Universitaria 2025, e non acadando o número mínimo de participantes que establecía a resolución reitoral do 8 de maio de 2025 pola que se publicaba a oferta de cursos de Extensión Universitaria do 2025 no campus de Ourense, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.-Proceder á cancelación dos cursos de Extensión Universitaria que se especifican a continuación:

Motivando-T: liderado e motivación

Recursos socioeducativos e metodoloxías activas para transformar a educación

A construción sociocultural do amor romántico

Segundo.- Autorizar á devolución do prezo da matrícula dos cursos citados ás persoas interesadas que o soliciten no prazo improrrogable de quince días naturais contados desde o día seguinte a data de publicación desta resolución no taboleiro de anuncios electrónico, de acordo co procedemento establecido no Anexo, non se atenderán pedimentos que non se realicen a través do indicado nel.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (D.O.G. do 10 de xuño)

O vicerreitor do campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

Anexo

Procedemento para a solicitude de devolución do prezo da matrícula das persoas inscritas nos cursos que son cancelados por esta resolución reitoral.

1. Entrar na plataforma de campus activo <https://campusactivo.uvigo.gal/> e autenticarse.
2. Elixir a opción “Nova solicitude devolución” na columna da esquerda.
3. Cumprimentar o campo “Conta bancaria devolución” seleccionando do despregable a conta bancaria na que se realizará a devolución, no caso de non ter conta de alta, elixir a opción “Crear conta bancaria”.
4. No campo de “cota pagada” seleccionar do despregable a actividade que foi cancelada e da que se solicita a devolución e no campo de “importe” indicar a cantidade solicitada.
5. No apartado de “Motivo” seleccionar a razón do pedimento da devolución.
6. Marcar a casíña “Acepto os termos e condicións de uso” e finalmente premer en “Confirmar solicitude”.